



055

BUDIÑO

A mediados do século 13 xa se mencionaba esta parroquia co mesmo nome que hoxe retén. Recoñece por Patrón tutelar ao Proto Mártir Sn. Estevo a quen lle teñen a festa no seu día propio 26 de Decembro. Habitana 48 veciños que se atopan suxeitos polo contencioso ao Xuíz de Sn. Salvador de Budiño, e polo político e gubernativo ao de Salceda. Valen os seus décimos por un quinquenio 9.000 reais, que insolidum leva o Párroco, que ten boa casa Reitoral e lugar conxunto a ela de levar en semente 28 ferrados de pan; percibe ademais de renda anual 24 ferrados de centeo e 48 de millo. A fábrica da Igrexa non cobra cousa algunha. Este curato é de presentación Real e Ordinaria. Dista de Tui unha legua curta.” (Ávila y La Cueva, 322).

056



SANTO ESTEVO



Igrexa parroquial

Esta parroquia foi coto veciñal ata o ano 1590, nos tempos do rei Filipe II. Quere isto dicir que eran os mesmos veciños os que nomeaban os seus cargos públicos.

No século XIII independizouse da súa homónima de S. Salvador. De pertencer ao mosteiro pasou a ser Señorío do Cabido Catedralicio de Tui, ao que pertenceu ata o século XIX.

Esta igrexa sufriu varias reconstrucións e reformas. A última non hai moitos anos.

A reconstrución máis importante, debido ao mal estado en que se atopaba, e que deu orixe á forma actual, comezouna Xosé Areal que era mestre canteiro e aparece como perito de cantería nun documento de data 24 de xaneiro de 1846.



O único que se conservou da igrexa antiga foi o arco triunfal, de orixe románica.

Remata a obra, coa fachada principal, Domingo de Barcias no ano 1850, segundo consta na cartela da mesma.

Na porta lateral do sur atopamos a inscrición “SIENDO ABAD D. MANU PARAMOS Aº 1849”. Hoxe en día, ao pintar mal o relevo das letras, préstase a confusión xa que di: “SIENDO ABAD D. MANI. PARAMAS I OS. Aº 1849”.

Poucos anos despois da construción da **fachada principal (055)** actual, segundo un documento de data 3 de agosto de 1884, foi necesaria outra reparación urxente tanto na teitume coma nos paramentos interiores. O prezo da mesma custou 2.796 reais.

No ano 1958 fíxose outra importante reforma, na que se lle colocou o coro de cemento.

A comezos deste século déuselle a configuración actual, tanto no exterior, coa pavimentación e adementamento do adro, coma no interior.

É unha igrexa de unha soa nave rectangular unida ao presbiterio polo arco triunfal.

No **interior (057)** presenta todas as paredes de pedra de cachotería vista. Pilastras, recubertas de pedra serrada, fan de apoio aos arcos da nave que sustentan a bóveda en madeira.

O arco triunfal, de medio punto e amplas arestas rebaixadas, con moi boa cantería, dá paso á capela maior, que segue a mesma tónica que a nave, cunha ventá de derrame interno e a porta que dá acceso á sancristía.

Non conserva ningún retablo. A capela maior adórnase no seu paramento leste cunha meseta de pedra serrada a modo de altar maior, sobre o que se coloca o **Sagrario (058)** de madeira, que ten na porta un relevo coa representación do Corazón de Cristo sangrando no Cáliz, e remátase cunha Gloria coas Táboas da Lei e o Año sobre o Libro dos 7 Selos.

Sobre o Sagrario, no centro da parede, un Crucifixo.

Tres fornelas de pedra, colocadas en triángulo, con apilastrados e arcos de medio punto moldurados, acollen as imaxes do **patrón (056)**, no centro, e o Sagrado Corazón e a Virxe de Fátima. Remátase o paramento cun prato de cerámica co Espírito Santo.

O último tramo da nave adórnase en cada un dos lados cun pequeno altar e por riba del tres peñas de pedra, sendo a central máis elevada e importante. No lado do norte están ocupadas pola Virxe do Rosario, no centro e, a ámbolos lados, o **Neno Xesús de Praga (059)** e S. Roque.



No lado Sur, no centro **Nosa Señora do Libramento** (060), S. Sebastián e a Virxe do Carme.

As imaxes foron restauradas recentemente e tanto o S. Sebastián como o **S. Roque** (061) fannos retraer á escultura popular do século XVIII.

A fachada principal é de gran sinxeleza. Está encadrada por pilastras extremas, das que nace o único adorno que presenta como resalte de pedra que a divide para o comezo do frontis sobre o que se apoia a espadana.

A porta é alintelada. Mesmo enriba dela está a cartela que ten o ano de construción.

No centro, partindo a cornixa que ven dende as pilastras, unha ventá rectangular de derrame externo e recercada.

Unha cornixa voada e moldurada, a modo de capias, sustenta a base da espadana, de un só corpo con dous arcos de medio punto para acoller as campás. Outra cornixa voada sustenta o remate formado polo pe da cruz de remate, do estilo de lunel, no centro e nos extremos pináculos piramidais con bola.

Os paramentos laterais só se adornan coa cornixa moldurada que sustenta o tellado. A capela maior, cadrada, é mais estreita e máis alta que o resto. Cóbrese cun tellado a catro augas, con pináculos central e nas esquinas. No lado sur engadíuselle a sancristía, máis baixa que a nave, con tellado a tres augas e pináculo central.

Cando se arranxou o adro, algunha das tumbas que estaban máis preto da igrexa, dada a súa importancia conserváronse no seu lugar (062), mentres outras foron retiradas e colocadas nos extremos do recinto.

Incrustadas no muro que rodea o adro, e formando parte del, consérvanse cinco das estacións dun antigo vía crucis que, probablemente, continuaba pola estrada ata o Calvario. Teñen variadas formas e tamaños debido, case seguro, aos arranxos e substitucións realizadas para completalas. Aínda así manteñen todas elas unhas características comúns: varal de sección rectangular, igual que os brazos e tope, menos unha que o ten octogonal.

O Calvario (063) queda preto da igrexa, na subida ao monte.

Como é habitual na maioría destes casos, as tres cruces son distintas e atópanse a distintas alturas, segundo o personaxe que as ocupaba. A cruz central, por ser a que pertence a Cristo, é máis alta e está mellor rematada que as outras dúas. Sobre unha base paralelepípeda, é rectangular -coma as outras-, pero ten as arestas rebaixadas e remata os seus brazos cun relevo de catro aspas.

Xa no ano 1854 fundáranse nesta parroquia as Irmandades das **Benditas Ánimas (064)** e a do Dulcísimo nome de Xesús. Desta devoción ás Ánimas do Purgatorio xurdiría a Fundación da Misa do Alba, que se celebraba todos os domingos, e mantívose durante moitos anos. Na igrexa consérvase unha táboa das Ánimas, que antigamente estaría nun dos retablos laterais.

Da antigüidade desta parroquia e da súa devoción á **Virxe do Libramento (065)** tamén nos fala a imaxe pétreo policromada, da segunda metade do século XV, que está depositada no Museo Diocesano de Tui.

Na cartela do Museo nomease por Virxe da Expectación ou Virxe da O, e consta a súa procedencia da escola Coimbricense (Coimbra – Portugal), atribuíndoa ao Mestre Pedro.





Ten 80 cm. de altura e preséntanos unha rapaza nova saudando coa man dereita e coa esquerda no colo de embarazada, cunha grácil curva na súa posición.

A **Cruz Parroquial (066)** é do século XVIII, de prata e prata sobredourada.

É unha cruz latina de brazos rectos e terminacións trilobuladas con medallóns en cada unha delas. Toda a superficie está cuberta de decoración xeométrica e floral.

No cuadrón central do anverso representa o Sol e a Lúa sobre a cabeza do **Crucificado (066)**. Este é de bulto redondo, sustentado en tres cravos e presenta o Cristo morto, coa cabeza lixeiramente ladeada.

Nos medallóns extremos deste lado deberían estar os **símbolos dos catro evanxelistas (067)**, pero por un erro na montaxe, **a aguiña de S. Xoán (068)** está no reverso e no seu lugar aparece unha árbore da vida, similar á que se atopa no outro brazo.

No cuadrón do reverso, en relevo, presenta o patrón, S. Estevo.

FESTAS E ROMAXES DE BUDIÑO

- San Brais: 3 de febreiro.
- Nosa Señora do Libramento: 2º domingo de setembro
- S. Estevo: 26 de decembro.



